

O HOME MOSCA

Fred C. Newmeyer / Sam Taylor / Harold Lloyd, 1923

1218

ESTREA EN NUMAX: 26.12.2023 | V.O.S.E. | TP | 77 min

A obra mestra de Harold Lloyd ten como protagonista a un mozo de campo recién chegado á cidade cuxo plan para gañar diñeiro fracasa. Para resolvelo debe escalar un edificio de 12 andares e remata pendurado das agullas dun enorme reloxo

«Harold Lloyd era moi bo. A escena do reloxo segue a ser antolóxica»

Carlos Boyero, EL PAÍS



A divertida cara dun home con lentes

Por Gabriel Anich Sfeir

Safety first! A seguridade é o primeiro! Esta máxima non parecía rexer para Harold Lloyd (1893-1971), comediante do cinema mudo nado en Nebraska. Do mesmo xeito que o ousado Buster Keaton, Lloyd desenvolvía as súas acrobacias persoalmente e iso tróuxolle consecuencias: en 1919, facendo publicidade dunha das súas películas, Lloyd prendeu por erro unha bomba real (pensando que era de atrezzo), causándolle graves queimaduras no rostro e perdendo dous dedos da man dereita. A partir de entón, Lloyd seguiu actuando e realizando acrobacias cunha luva de prótese e unha man practicamente inútil. Os seus éxitos da década dos 20 lévarono a amasar unha fortuna na época muda, preparando unha tranquila e prematura xubilación coa chegada do sonoro.

A película máis coñecida de Harold Lloyd é O home mosca (Safety Last!) estreada en abril de 1923. O argumento segue as aventuras de Harold, un mozo que migra do seu pobo natal a Los Angeles, despedíndose da súa noiva (Mildred Davis). Harold envíalle custosos agasallos e cartas contándolle un suposto éxito nos negocios, cando en realidade tiña un modesto posto de vendedor nuns grandes almacéns.

A escena máis emblemática d'O home mosca chega cando Harold ten a oportunidade de gañar 1.000 dólares escalando os 12 pisos do enorme edificio. O humor de Lloyd enmárcase dentro da comedia física propia do cinema mudo, pero ten os seus caracteres que o distinguen dos seus contemporáneos: o noso Harold non é un pobre vagabundo como Chaplin, nin un amargado home medio como Keaton, senón un astuto e presentable mozo capaz de saír vitorioso de calquera situación. Se Chaplin realizaba humor social sumamente crítico do capitalismo industrial, Lloyd acaba encaixando perfectamente no sistema. De feito o actor era profundamente conservador e membro do Partido Republicano. Non en van recibiu o Oscar á súa carreira en plena caza de bruxas mentres que o exiliado Chaplin tería que agardar a 1972.

O home mosca segue a historia dun destes mozos optimistas de clase media que tenta triunfar na gran cidade. A escalada do edificio é unha metáfora de como alguén debe esforzarse por ascender na vida e chegar á cúspide, sorteando os diversos obstáculos que aparecen no camiño. A idea é que ao remate dese camiño agarda unha vida tranquila e próspera, na compañía dunha moza.

Isto non resta un ápice aos méritos cinematográficos do filme, especialmente a secuencia do reloxo, que foi unha e mil veces replicada no cinema en filmes de acción como Regreso ao futuro (Robert Zemeckis, 1985) ou Hugo (Martin Scorsese, 2011). A secuencia orixinal, de gran realismo, ten algunhas trucaxes e de feito o verdadeiro “home mosca” no que se basea o filme, Bill Strother, fai de dobre nos planos máis abertos do filme.

Tras a súa retirada, Lloyd negouse a que os seus filmes se emitisen por televisión pois consideraba que só eran dignos de verse en pantalla grande, o que contribuíu a que a súa figura tivera, durante décadas, un aura mítica, até que o seu cinema viu a luz anos despois da súa morte. O mundo puido así redescubrir unha obra mestra da comedia física con caídas e movementos da cara. Da divertida cara dun home con lentes.